



Educar es creer en la persona

Autora_M^a Augusta Sanches Rossini
 Editorial_Narcea
 Ano de edición_2008
 Páxinas_112

Contido

Pasou xa a época en que o fundamental para ser un bo mestre era posuír coñecementos teóricos. Hoxe precísanse calidades persoais que van máis alá da simple función de "ensinante". O labor do docente é esencial á hora de estimular o alumno no seu desenvolvemento persoal e social. Por iso, os profesores e profesoras deben ser conscientes desta responsabilidade, e tratar de perfeccionarse persoal e profesionalmente.

O educador máis que ensinar, "poliniza" as mentes e as almas, e o profesorado que poliniza mentes é aquel que permanece na lembranza dos seus alumnos, que soubo motivalos, que serviu de modelo, que inspirou rumbos en moitas vidas, en definitiva: que traballou "o ser" de cada un.

Este libro nace co desexo de establecer un diálogo fecundo cos educadores e educadoras que están en contacto con persoas en formación.



Enredando nos topónimos con Rodari

Autora_Xulia Marqués Valea
 Editorial_S. X. de Política Lingüística,
 Xunta de Galicia
 Ano de edición_2008
 Páxinas_87

Contido

Este libro pretende achegar a toponimia á aula de primaria, e faíno da man de Gianni Rodari con trece ideas en trece fichas. Os rapaces poderán xogar coa forma dos nomes de lugar: extraviando ou trocando as súas letras e sílabas, aproveitando lapsos que se tornarán creativos, creando rimas e trabucándoas. Tamén coa súa morfoloxía: formando, de-formando, re-formando e trans-formando topónimos, construíndo conxuntos posibles e excluindo elementos imposibles, sumando e restando compoñentes...

Estas estratexias en forma de enredo, para rapaces de entre 6 a 9 anos, abren cun fragmento dunha obra de Rodari, preséntanse graduadas por niveis e repasan contidos da área lingüística e lóxico-matemática.

Un CD coas distintas fichas en formato editable acompaña o libro, que arestora chegou xa a todos os colexios de primaria da nosa comunidade.



Superar las barreras de la discapacidad

Autor_Len Barton (Comp.)
 Editorial_Morata
 Ano de edición_2008
 Páxinas_412

Contido

A obra proporciona unha valiosa historia dos discursos e políticas sobre a discapacidade nas dúas últimas décadas. Inclúe 21 dos artigos de meirande impacto aparecidos na revista internacional de máis prestixio neste ámbito *Disability and Society*. Son traballos de especialistas de primeira liña de Europa, Estados Unidos, Australia, Pakistán e Malaisia que nos permiten constatar con precisión os avances neste campo.

Os capítulos que forman este volume están organizados en tres grandes seccións: Estudos sobre a discapacidade, política e liñas de investigación que mellor contribuíron a denunciar as desigualdades que afectan a estas persoas.



O valor do envoltorio.
Un estudo da influencia das TIC nos centros educativos

Autores_Grupo Stellae
María Lourdes Montero (Coord.)
Editorial_Edicións Xerais
Ano de edición_2007
Páxinas_462

Contido

A escola enfróntase aos retos da entrada e apropiación das TIC (tecnoloxías da información e a comunicación), o que obriga aos centros a atopar o seu lugar nese proceso. Hoxe resulta fundamental ser quen de xerar e utilizar o coñecemento de modo eficaz e intelixente sobre unha base en continua transformación.

O volume recolle unha das investigacións desenvolvida polo Grupo Stellae sobre os significados da incorporación das TIC aos centros educativos de primaria e secundaria de Galicia. Vai dirixido a todas aquelas persoas que se preguntan como mellorar a educación coa vista posta nas TIC, omnipresentes en todos os ámbitos da vida.

A obra quere ser un canto ao valor da aprendizaxe como principio e, de maneira especial, a quen o fai posible: as institucións educativas e o profesorado.



¿Es posible educar en valores en familia?

Autora_Isabel Carrillo
Editorial_Graó
Ano de edición_2007
Páxinas_120

Contido

Vivimos nun mundo sen ética nin moral?, É verdade que se están perdendo os valores do pasado?, Que responsabilidade temos as nais e os pais na educación dos valores?, Como se pode educar en valores?... Sobre estas e outras interrogantes, o libro convida a pensar na realidade de cada un e no que se vive no día a día, é unha petición para mirar e mirarse, sentir e sentirse, pensar e pensar para idear creativamente como debe ser o labor educativo no contexto familiar; como deseñar, en definitiva, encontros de diálogo e afectividade que leven a descubrir, a construír e a vivir os valores.

Neste contexto aborda as responsabilidades das familias, e formula algunhas cuestións sobre como asumilas. Tamén se reflexiona sobre cales deben ser os principios mínimos para educar en valores e ofrece estratexias para promover a súa aprendizaxe no contorno familiar.



Elisa e Marcela

Autor_Narciso de Gabriel
Editorial_Nigratreia
Ano de edición_2008
Páxinas_319


Contido

Elisa Sánchez Loriga -convertida en Mario- e Marcela Gracia Ibeas casaron na igrexa de San Xurxo da Coruña o 8 de xuño de 1901.

Na primeira parte de *Elisa e Marcela*, descríbense as súas peripecias na Coruña, Porto e Bos Aires; analízanse as medidas adoptadas polas autoridades eclesíásticas, académicas e xudiciais sobre o matrimonio sen home; e reconstrúese a repercusión pública do caso.

Na segunda parte faise unha lectura desta historia dende o hermafroditismo, o lesbianismo, o travestismo e o feminismo.

O hermafroditismo foi a coartada e o travestismo o instrumento do que Elisa se valeu para consagrar os seus amores con Marcela, que as reivindicacións feministas fixeron viables.





Mal de escola

Autor_Daniel Pennac
Editorial_Edições Xerais
Ano de edición_2008
Páxinas_312

Contido

Daniel Pennac, un dos autores máis celebrados das letras francesas contemporáneas, aborda a cuestión da escola e da educación dende o punto de vista dos malos alumnos, para o cal mestura testemuñas autobiográficas (como estudante e como profesor) con reflexións sobre a pedagogía e as disfuncións da institución escolar, o papel dos pais e da familia co rol da televisión e dos medios de comunicación actuais, a sede de aprendizaxe coa dor de ser un mal estudante, o sentimento de exclusión do alumno e o amor á ensinanza do profesor.

Mal de escola, Premio Renaudot 2007, foi traducida ao galego por Xavier Senín Fernández e Isabel Soto López, e constitúe un fenómeno editorial capaz de reabrir, tanto en Francia como en Galicia, un gran debate arredor das razóns do fracaso escolar e sobre o estado actual e o futuro da educación pública.



Entramados. La experiencia de una comunidad de aprendizaje

Autoras_Meritxell Bonàs, Lúcia Esteban, Dora Garmendia, Elvira Huella, Neus Mira, Monserrat Navarro, Isabel Trias, Agnès de Yzaguirre
Editorial_Graó
Ano de edición_2007
Páxinas_90

Contido

Un grupo de mestras comparte o sonho de facer realidade o seu proxecto de escola. El Martinet, o centro no que se está levando a cabo, é en certo modo un oasis cheo de experiencias que abrollan da ilusión, a creatividade e, sobre todo, da complicidade e o compromiso social e pedagóxico.

Entramados compila con exquisitez vivencias e experiencias de relacións que nacen a diario na escola e que se presentan a través da voz dos seus protagonistas. Persoas maiores ou pequenos, pais ou fillos, mestras ou colaboradores, fan dos seus encontros unha escusa para aprender algo máis de si mesmos e dos demais. «Sentimos, din as autoras, un degoiro de benestar para as persoas coas que nos reencontramos todos os días. Intuímos que só dende o benestar serán posibles novos camiños polos que poder transitar uns a carón dos outros».



Educación e Paz III Literatura galega pola Paz

Autor_Xesús R. Jares (Coord.)
Editorial_Edições Xerais
Ano de edición_2008
Páxinas_136

Contido

O libro forma parte da triloxía "Educación e Paz" e recolle textos narrativos e poéticos de autoras e autores galegos inspirados na cultura da Paz. Son lecturas que se poden utilizar nas aulas para espallar os obxectivos que defenden Educadores pola Paz.

Participan no volume quince narradores (Rosa Aneiros, Ramón Caride, Fina Casalderrey, Francisco Castro, Xabier P. DoCampo, Agustín Fernández Paz, Jaureguizar, Manuel Lourenzo González, Xosé Miranda, Teresa Moure, Xavier Queipo, María Reimóndez, Manuel Rivas, Anxos Sumai e Suso de Toro) e catorce poetas (An Alfaya, Fran Alonso, Celso Álvarez Cáccamo, Marica Campo, Yolanda Castaño, Marta Dacosta, Antonio García Teijeiro, Olga Novo, María Xosé Queizán, Román Raña Lama, Daniel Salgado, Xavier Seoane, Xulio L. Valcárcel e Rafa Villar), e os membros do Obradoiro de Lingua Gianni Rodari.

biblioteca infantil e xuvenil



O único que queda é o amor

Autor_ Agustín Fernández Paz
Editorial_ Edicións Xerais
Ano de edición_ 2007
Páxinas_ 175

Contido

Hai unha trama de fíos invisibles que une as vidas dos personaxes deste libro: todos se namoran e todos experimentan a amargura do desamor, ou da ausencia, ou dos amores rotos.

A obra foi recoñecida cos seguintes galardóns:

Premio Nacional de Literatura Infantil e Xuvenil 2008

Premio Xosé Neira Vilas ao Libro do Ano 2007

Premio da Asociación de Escritores en Lingua Galega



La clave secreta del universo

Autores_ Lucy & Stephen Hawking
Editorial_ Montena
Ano de edición_ 2008
Páxinas_ 320

Contido

O libro pretende fomentar a curiosidade pola astronomía. O protagonista é un neno que descobre que o seu veciño é científico e ten un ordenador que lle permite viaxar polo Espazo.




La estrella de agua


Autor_ Luís Rodríguez Cao
Editorial_ Zarabanda Edicións
Ano de edición_ 2008
Páxinas_ 85

Contido

La estrella de agua é un relato cheo de beleza e sensibilidade, no que o valor do protagonista, un dos últimos espécimes humanos, será posto a proba na súa viaxe á Cidade das Estrelas.



recomenda



Juana
Vázquez
Silva


Cincuenta e dúas preguntas abraiantes que nos achegan ao coñecemento doutros tantos animais, ou doce modos de alimentarse moi peculiares como pretexto para coñecer a outros doce; aprender xeografía, historia, etnografía partindo da arte nun caso e das vestiduras no outro...

Velaí catro exemplos de libros informativos moi especiais e que comparten determinadas características: ofrecen contidos que dificilmente se atopan na aprendizaxe formal, abórdanos á parte desde perspectivas nada habituais, e preséntanos nun formato que os converte en auténticos álbums ilustrados, cheos de información limpa e clara.

Catro alfaias para poñer nas súas mans.



Título_¿Tienen los animales que lavarse los dientes?
Autores_Wiesner/ Müller/Mattei.
Editorial_Edaf
Ano de edición_2006



Título_Bocas
Autores_Xulio Gutiérrez
Nicolás Fernández
Editorial_Factoría K de libros
Ano de edición_2008



Título_Descubrir a arte a través do mundo
Autor_Caroline Desnoëtes
Editorial_Factoría K de libros
Ano de edición_2008



Título_Atúendos
Autor_Joëlle Jolivet
Editorial_Kókinos
Ano de edición_2008



Recursos para a acollida e escolarización do alumnado procedente do estranxeiro

A Consellería de Educación e Ordenación Universitaria distribuíu nos centros educativos uns materiais que teñen como finalidade orientar e acoller o alumnado inmigrante.

Compoñen o material:

- Unha guía do sistema educativo, na que se informa sobre a súa estrutura e os servizos aos que teñen dereito as familias e os alumnos. Con este obxectivo introduce enderezos e recomendacións de interese, e vén publicada en dez idiomas.

- Unha guía de comunicación básica, composta por dez tarxetas. Estas inclúen 40 preguntas por cada cara. Por un lado, son cuestións básicas que o centro lles pode formular ás familias, e por outro, outras tantas que lles poden formular as familias aos centros. Tamén neste caso se presenta en dez idiomas e ten como propósito superar as barreiras iniciais de comunicación.



www.fapar.org/recomendados/recursos_infantiles_ocio.htm

É unha páxina de recursos para nenos e familias. Ofrece literatura infantil, música, xogos de estimulación intelectual e actividades para ocupar o tempo de lecer dos máis novos. Contén unha guía de recursos para estudantes e pais, ademais dunha selección de portais educativos en español.

www.chiquinoticias.com/enlaces/index.html


Trátase dunha revista para pais e rapaces que xogan xuntos. É un portal seguro no que encontramos máis de 400 webs, onde os nenos poden aprender e encher máis ludicamente o seu tempo.

www.cyberpadres.com

Dirixida a pais e a educadores, presenta recursos e recomendacións sobre a educación dos fillos, guías sobre servizos relacionados coa infancia, actualidade educativa, foros, etc.

www.maixua.com

É un portal de educación física no que profesores, monitores e estudantes poden atopar novas sobre xogos, deporte escolar, saúde e actividade física, en xeral.



La clase

Ano_2008
 Nacionalidade_Francia
 Xénero_Drama
 Duración_128 min.
 Título orixinal_Entre les murs
 Dirección_Laurent Cantet
 Guión_Laurent Cantet, Robin Campillo, François Bégaudeau
 Fotografía_Pierre Milon

Sinopse

François e o resto dos profesores prepáranse para encarar un novo curso nun instituto dun barrio conflictivo. Cheos de boas intencións, ávidos de achegar a mellor educación aos seus alumnos, ármense contra o desalento. Pero as culturas e as actitudes enfróntanse na aula, microcosmos da Francia contemporánea. Por moi rexoubeiros e estimuladores que sexan os adolescentes, os seus comportamentos poden cortar de raíz o entusiasmo dun profesor que non cobra dabondo. A enorme franqueza de François sorprende os seus alumnos, mais o seu estrito sentido da ética camalea cando os mozos comezan a non aceptar os seus métodos.



En busca de la felicidad

Ano_2006
 Nacionalidade_USA
 Xénero_Drama
 Duración_117 min.
 Título orixinal_The pursuit of happiness
 Dirección_Gabriele Muccino
 Guión_Steven Conrad
 Música_Andrea Guerra
 Fotografía_Phedon Papamichael

Sinopse

Chris Gardner é un pai que loita por sobrevivir. A pesar das súas decididas tentativas para sacar adiante a familia, a nai do seu fillo, de cinco anos, vaise afundindo por culpa da presión económica e, ao non ser quen de aturala, decide marchar. Chris segue á busca dun traballo mellor remunerado. Consegue unhas prácticas nunha prestixiosa compañía e, malia non percibir ningún salario, acepta coa esperanza de finalizar o plan de estudos cun traballo e un futuro prometedor. Sen ningún colchón económico, pai e fillo vense obrigados a abandonar o piso no que viven, e a pasar a noite en centros de acollida, estacións de autobuses, aseos públicos, ou en calquera lugar onde encontren acubillo. Pese aos seus desacougos, Chris continúa cumprindo coas súas obrigas de pai cariñoso e comprensivo, e recorre ao afecto para superar os atrancos que debe enfrontar.



Los chicos del coro

Ano_2004
 Nacionalidade_Francia e Suíza
 Xénero_Drama
 Duración_95 min.
 Título orixinal_Les choristes
 Dirección_Christophe Barratier
 Guión_C. Barratier e Philippe Lopes
 Música_Brumo Coulais
 Fotografía_Carlo Varidi e D. Gentil

Sinopse

En 1949, Clément Mathieu, profesor de música en paro, empeza a traballar como vixilante nun internado de reeducación de menores. Especialmente represivo, o sistema de educación do director Rachin apenas logra manter a autoridade sobre os alumnos difíciles. O mesmo Mathieu sente dentro de si unha rebeldía fronte aos métodos de Rachin, e unha mestura de desconcerto e compaixón polos rapaces. Nos seus esforzos por achegarse a eles, descobre que a música atrae poderosamente o interese dos alumnos e entrégase á tarefa de familiarizalos coa maxia do canto, ao tempo que vai transformando as súas vidas para sempre.